

MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN

TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO

Cuestionario para o ESTUDANTADO

A Universidade de Vigo está a realizar unha enquisa para mellorar a calidade das súas titulacións, e así contribuír á mellora da formación do estudantado e á mellora da propia Universidade.

Por iso, gustaríanos coñecer a túa opinión sobre diferentes aspectos da titulación contestando o seguinte cuestionario que che tomará uns minutos.

As túas respostas serán anónimas e confidenciais e nunca serán tratadas persoalmente. A identificación mediante o teu NIF, NIE ou outro documento cumpre a función de código de acceso, de forma que en ningún caso quedará asociada ás respostas emitidas ao encher o cuestionario.

Na maioría das preguntas basta con que expreses o teu grao de satisfacción puntuando de 1 a 5 as cuestións no lugar indicado para iso (o valor 1 é o máis negativo da escala e o 5 o máis positivo, sendo 3 o valor central). Noutras, a posible resposta é aberta.

A escala empregada é a seguinte:

(1) Moi insatisfactorio; (2) Insatisfactorio; (3) Aceptable; (4) Satisfactorio; (5) Moi satisfactorio.

Se non téis ningunha opinión sobre algunha cuestión ou non é aplicable para ti, podes deixala en branco.

Indica, por favor, o teu grao de satisfacción coas seguintes cuestións:

Xestión da titulación

Organización e desenvolvemento

A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos

A coordinación entre as materias do plan de estudos

Os horarios da titulación

O calendario das probas de avaliación

A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación

A orientación académica recibida no plan de acción tutorial

Información e transparencia

A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web

A utilidade da información sobre a titulación publicada na web

A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)

A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...)

Sistema de garantía de calidade

As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...)

Recursos

Recursos humanos

A atención do persoal de administración e servizos do centro

Recursos materiais e servizos

As aulas e o seu equipamento

Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento

Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento

As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia

Resultados

Resultados de aprendizaxe

A formación adquirida (coñecementos e contidos)

A capacidade para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas

Preguntas de resposta si/non:

En xeral, estou satisfeito coa titulación

Preguntas de resposta aberta:

En xeral, que é o que máis valoras da titulación?

Segundo a túa opinión, que melloras consideras que se deberían incorporar á titulación?

Podes incluír comentarios ou matizacións ás valoracións do cuestionario.

Moitas grazas pola túa colaboración